



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA-SUPLETORIA, NÚMERO CATROCENTOS OITENTA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do vinte e seis de decembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D^a. Alicia Martínez Blanco, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. Celeste Nieto García, D^a. Angel Moldes Martínez, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D^a. María del Mar Villaverde Rosales, D. Manuel Domínguez Alvarez, D. Alberto Villaverde Méndez, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez e asiste como secretaria acctal do Concello, Consuelo de la peña Costoya e escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria-supletoria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3764.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 27 DE NOVIEMBRE DE 2012 NÚMERO 478 E DO 20 DE DECEMBRO DE 2012 NÚMERO 479.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Secretaria presente na sesión das actas das sesións anteriores correspondentes ao día 27 de novembro e 20 de decembro de 2012, número 478 e 479, respectivamente e non formulándose observación ningunha contra as mesmas estas quedan aprobadas polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

3765.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3749.- INTERVENCIÓN, DECLARACIÓN DE CRÉDITO NON DISPONIBLE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención do Concello; 3750.- DAR CONTA E RATIFICAR ACORDO NÚMERO 10724 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 12/11/2012, SOBRE SERVIZOS MÍNIMOS NAS EMPRESAS CONCESIONARIAS DE SERVIZOS PÚBLICOS (CESPA-AQUAGEST), CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL 14 DE NOVIEMBRE DE 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ás empresas concesionarias do servizo; 3751.- DAR CONTA E RATIFICAR DO ACORDO 10725 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 12/11/2012, SOBRE MOCIÓN CONXUNTA GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 14 DE NOVIEMBRE DE 2012 PARA IMPULSAR A ECONOMÍA E O TRABALLO EN GALIZA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3752.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA ÁS MEDIDAS RESPECTO Á DRAGAXE DO PORTO DE CAMPELO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; 3753.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE DE REXEITAMENTO DO PROXECTO DE LEI DE TAXAS XUDICIAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos Grupos Parlamentarios do

Senado e do Congreso, Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galiza e Presidencia da Xunta de Galicia; 3754.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E A MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse á Xefatura Provincial de Tráfico e procedeuse á sinatura do protocolo de adhesión.; 3755.- NOVO BORRADOR DO CONVENIO A SUBSCRIBIR POLOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, SANXENXO, POIO, MARÍN E VILABOA COA SOCIEDADE ESTATAL DE “AGUAS DE LAS CUENCAS DEL NORTE, SA” (AQUANORTE) PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA ACTUACIÓN “NUEVO ABASTECIMIENTO DE AGUA A PONTEVEDRA Y SU RÍA”.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Delegación de Oviedo de Acuanorte, SA; 3756.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE PARA QUE SE MODIFIQUE A LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS.- uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos Grupos Parlamentarios do Congreso, Presidencia do Goberno, Presidencia da Xunta de Galicia e á Presidencia do Parlamento de Galiza; 3757.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3758.- MOCIÓN EN RELACIÓN COA DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO 25 DE NOVEMBRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; 3759.- URBANISMO, EXP. 365/11, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE COMBARRO, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO, NA PARCELA 009, RÚA DO MAR, 46-COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Urbanismo para os trámites sucesivos do expediente; 3760.- URBANISMO, CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DE INSTALACIÓNS NAUTICO DEPORTIVAS E RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse a Portos de Galiza; 3761.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E PSOE EN RELACIÓN AO DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA O VIH/SIDA O VINDEIRO 01 DE DECEMBRO DE 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e á Presidencia da Xunta de Galicia e Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; 3762.- PRÓRROGA DO PROTOCOLO DE ADHESIÓN DO CONCELLO Á REDE DE CENTROS PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (REDE CEMIT).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do expediente ao Servizo de Turismo para os trámites sucesivos do expediente.”.

A corporación dáse por enterada.

3766.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que conforman a orde do día; a corporación dáse por enterada.

3767.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA R.S.U. E LIMPEZA VIARIA CESPA S.A. PARA O ANO 2012.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente iniciado mediante escrito de data 21 de novembro de 2012 presentado pola Empresa Concesionaria do Servizo Público de recollida de residuos sólidos urbanos en todo o municipio e o seu transporte a un centro de tratamento, limpeza viaria e desratización solicitando a aprobación do novo canon para o ano 2012 polo importe de 602.530,26 €

Emitidos informes con data 26 de novembro de 2012 pola Enxeñeira Técnica (AT) e Intervención Municipal as proposta da alcaldía sométese o expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de decembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do escrito da empresa CESPA, S.A. concesionaria do “Servizo Público de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos en todo o Municipio de Poio e o seu Transporte a un Centro de Tratamento , Limpeza Viaria e Desratización”, de data 21 de novembro de 2012 solicitando aprobación novo canon para o ano 2012, resultando un novo prezo para o exercicio 2012 de 602.530,26 € (IVE no incluído), o que supón un incremento con respecto ao 2011, de 21.641,05 € (IVE non incluído) e dos informes da oficina técnica e da intervención municipal de data 26 de novembro de 2012.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando, ademais, que o IVE a aplicar sobre o prezo exposto ascenderá ao 8% ata o 30 de agosto de 2012 e ao 10% a partir do 1 de setembro de 2012 en virtude do establecido no Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola comisión informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a remuneración para o exercicio 2012 a que ten dereito a empresa concesionaria Cespa, SA pola concesión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria polo importe de 602.530,26 € (sen IVE) anuais.

Segundo: Dar traslado do acordo adoptado á Intervención Municipal e á empresa concesionaria do servizo con indicación de que contra o mesmo pódese, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3768.- PERSOAL, PROPOSTA DE ACLARACIÓN ACORDO PLENARIO Nº 3729 DE DATA 25/09/2012 SOBRE RECOÑECIMENTO DUN COMPLEMENTO RETRIBUTIVO AO PERSOAL MUNICIPAL DURANTE A SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do acordo número 3729 adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria realizada o 25 de setembro de 2012 e da proposta do Concelleiro Delegado de Persoal de data 11 de decembro de 2012 sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión realizada o 17 de decembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Persoal, de data 11 de decembro de 2012 que, textualmente, do o seguinte: “ Propón: Unha aclaración do acordo plenario núm. 3729 de data 25/09/2012 en relación á aprobación dos complementos retributivos ao persoal municipal durante a situación de incapacidade temporal, debido a que a redacción actual produce confusións á hora de aplicar ditos complementos, quedando redactado do seguinte xeito:

1) **Incapacidade temporal derivada de continxencias comúns:**

a)- **Durante os tres primeiros días**, recoñécese un complemento retributivo do **50% das retribucións** que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

b).- **Dende o día 4º ata o 20º**, ambos incluídos, recoñécese un complemento retributivo do **75% das retribucións** que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a baixa, estando incluído en dito complemento a prestación económica recoñecida pola Seguridade social.

c).- **A partir do día 21º, inclusive**, recoñécese unha **prestación equivalente ao 100%** das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a baixa.

d).- **Supostos de carácter excepcional debidamente xustificados**.- Establécese un complemento do **100% das retribucións** que viñeran disfrutando en cada momento. Consideraranse, en todo caso, debidamente xustificadas, os supostos de hospitalización, intervención cirúrxica e enfermidades crónicas graves que non supoñan hospitalización.

2).- **Incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais:**

Recoñécese dende o primeiro día, un complemento retributivo do 100% das retribucións que viñeran correspondente a

dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade, estando incluído en dito complemento a prestación económica recoñecida pola Seguridade Social.”

A interventora municipal explica que o que se pretende é aclarar a redacción realizada no acordo plenario núm. 3729 de data 25 de setembro de 2012 sobre a aprobación dos complementos retributivos ao persoal municipal durante a situación de incapacidade temporal, xa que produce a confusión á hora de aplicar ditos complementos.

A Comisión, por unanimidade de asistentes, acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. ”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Incapacidade temporal derivada de continxencias comúns:

a)- **Durante os tres primeiros días**, recoñécese un complemento retributivo do **50% das retribucións** que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

b).- **Dende o día 4º ata o 20º**, ambos incluídos, recoñécese un complemento retributivo do **75% das retribucións** que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a baixa, estando incluído en dito complemento a prestación económica recoñecida pola Seguridade social.

c).- **A partir do día 21º, inclusive**, recoñécese unha **prestación equivalente ao 100%** das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a baixa.

d).- **Supostos de carácter excepcional debidamente xustificados**.- Establécese un complemento do **100% das retribucións** que viñeran disfrutando en cada momento. Consideraranse, en todo caso, debidamente xustificadas, os supostos de hospitalización, intervención cirúrxica e enfermidades crónicas graves que non supoñan hospitalización.

Segundo: Incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais:

Recoñécese dende o primeiro día, un complemento retributivo do 100% das retribucións que viñeran correspondente a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade, estando incluído en dito complemento a prestación económica recoñecida pola Seguridade Social

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Persoal do Concello, Intervención e Tesourería Municipal, para os efectos que procedan.

3769.- CORRECCIÓN ERROS CÓDIGO TELEMÁTICO.- Dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado a proposta do Concelleiro Delegado de data 28 de novembro de 2012 en relación á corrección de erros do Código Telemático aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria realizada o 31 de xullo de 2012 e sometido a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 22 de agosto de 2012, polo prazo de 30 días para audiencia aos interesados entendéndose aprobado definitivamente aprobado ao non presentarse ningunha reclamación no devandito prazo.

Incorporado informe de Secretaría con data 11 de decembro de 2012 sométese o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de decembro de 2012 emitíndose o seguinte ditame: “dáse conta do expediente, da proposta do concelleiro delegado de persoal de data 27 de novembro de 2012 proponendo a rectificación dos erros detectados no texto aprobado polo Pleno, segunda revisión do texto íntegro do Código Telemático aprobado polo Pleno da Corporación que contempla: correccións no idioma empregado, por ter sido empregado o castelán cando a totalidade do texto están en lingua galega e así o primeiro apartado do artigo 9 “Réxime Sancionador”, a eliminación de apartados por non resultar aplicables no Concello de Poio (segundo parágrafo do indicado artigo 9 “Réxime Sancionador”), a introdución de novo texto (Punto nº 1 do índice; apartado 4.b); apartado 4.c); parágrafo 11; apartado 5.1 e apartado 7.1), se substitúen determinadas referencias: apartado 1.b), parágrafo terceiro, “servizo de Modernización” por “Servizo de Innovación” e cerrando o documento en canto de identificar como asinante en Poio a 9 de xullo de 2009 ao concelleiro delegado de persoal e a data, Poio 9 de xullo de 2012 .

Obra no expediente informe da secretaria xeral de data 11 de decembro de 2012.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes. ”

A Secretaria presente na sesión dá conta do informe emitido pola Secretaria Xeral de data 11 de decembro de 2012 no que pon de manifesto que a conveniencia, por motivos de seguridade xurídica, de someter o conxunto do texto coas

rectificación e modificacións introducidas novamente a información pública, sendo o pleno da corporación que adopte o acordo de conveniencia ou non.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á proposta de data 28 de novembro de 2012 e someter o conxunto do texto coas rectificacións e modificacións introducidas a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, para audiencia aos interesados e presentar as alegacións oportunas e de non presentarse ningunha alegación entenderase aprobado definitivamente, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985. do 2 de abril, de bases do réxime local.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente, dando traslado do presente acordo ao Departamento correspondente.

3770.- REGULARIZACIÓN DA CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de decembro de 2012 e que di textualmente: “ Dáse conta do expediente, da Proposta da Alcaldía de data 12 de novembro de 2012 sobre unha Ordenanza de creación dos seguintes ficheiros de carácter persoal do Concello de Poio: **Ficheiro A:** “Base de Datos da Bolsa de Emprego”, **Ficheiro B:** “Rexistro de expedientes de recrutamento (quintas e milicias), **Ficheiro C:** “B.D. Rexistro Entradas-Saídas”, **Ficheiro D:** “B.D. Rexistro Departamental”, **Ficheiro E:** “B:D: Expedientes Obras”, **Ficheiro F:** “B.D. Control Visitas (Axenda Alcaldía Concellerías)”, **Ficheiro G:** “B.D. Usuarios Web” e **Ficheiro H:** “Cámaras de vídeo vixilancia da sede de Protección Civil” e do informe da secretaria xeral de data 24 de novembro de 2012, dos informes de da arquiveira municipal e da responsable de seguridade de data 27 de novembro de 2012 e dos informes da secretaria xeral de datas 24 de novembro e 11 de decembro de 2012.

O Sr. Barreiro Lubián si que se trata de cumprir coa Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal que regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propón ao Pleno a súa aprobación.”

Dáse conta das ordenanzas reguladoras para a creación dos ficheiros e que din textualmente: “A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE no 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da devandita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, establecendo no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

Dita disposición deberá ser desenrolada nunha Ordenanza do concello e aprobada no Pleno deste, polo canto dispoño a:

Ordenanza de creación dos seguintes ficheiros de carácter persoal do Concello de Poio

Primeiro: Creación de ficheiros.

Créanse neste Concello os ficheiros de datos de carácter persoal sinalados no Anexo I:

FICHEIRO A: “Base de Datos da Bolsa de Emprego”.

FICHEIRO B: “Rexistro de expedientes de recrutamento (quintas e milicias)”.

FICHEIRO C: “B.D. Rexistro Entradas Saídas ”.

FICHEIRO D: “B.D. Rexistro Departamental”.

FICHEIRO E: “B.D. Expedientes Obras ”.

FICHEIRO F: “B.D. Control Visitas (Axenda Alcaldía Concellerías)”.

FICHEIRO G: “B.D. Usuarios web”

FICHEIRO H: “Cámaras de vídeo vixilancia da sede de Protección Civil”.

Segundo:

O responsable e propietario dos ficheiros creados será a Alcaldía do Concello de Poio, e os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poden ser exercidos en:

Alcaldía do Concello de Poio

Praza do Mosteiro, nº 1 36995 Poio – Pontevedra

Enderezo electrónico: poio@concellodepoio.es

Tlf. 986 770 001-- Fax 986 771 277

presentando o DNI e mediante o formulario facilitado polo concello.

Terceiro: Medidas de seguridade.

Os ficheiros, con independencia do soporte no que se atopen, e que se creen pola presente Ordenanza, cumpren as medidas de seguridade establecidas no RD 70/007 de Decembro, polo que se aproba o Regulamento de Medidas de Seguridade dos ficheiros que conteñan datos de carácter persoal.

Cuarto: Contido e finalidade.

O contido e finalidade dos ficheiros atopase sinalado no Anexo I.

Quinto: Cesión dos datos.

Os datos serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e nos especificados no Anexo I.

No caso da cesión de ditos datos as administracións públicas se aterá ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Sexto: Publicación.

De conformidade co acordo nº _____ do Pleno da Corporación Municipal de data ____/____/2012 ordenase que a presente Ordenanza e os seus anexos sexan publicados no Boletín Oficial de Pontevedra.

Sétimo: Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra.

ANEXO I

FICHEIRO A

NOME DO FICHEIRO: “Base de Datos da Bolsa de Emprego”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Rexistro de participantes na bolsa de emprego organizada polo Concello, esta sometido a tratamento automatizado para cumprir os seus obxectivos lexítimos, sendo este tratamento apropiado e non excesivo para ditos fines.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Demandantes de emprego que se adscriban a bolsa de traballo.

c) Procedemento de recollida de datos:

Son recabados das declaracións e da documentación aportada polos interesados. Recóllense mediante formularios ou entrevista persoal por parte do persoal asignado, nos formularios inclúense as cláusulas informativas e de consentimento de almacenamento, xestión e cesión precisas de acordo a normativa vixente e o obxectivo de ficheiro.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificables (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo).

Datos curriculares (datos académicos, experiencia laboral)

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

A cesión de datos farase ás empresas que se acollan á bolsa de emprego mediante as súas ofertas, as cales comprometeranse a que os datos facilitados polo Concello de Poio serán empregados soamente para a bolsa de emprego; ademais, comprometeranse a non distribuílos sen autorización e a empregalos só co fin debido. Tamén cederanse á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia como parte do programa “Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local” en referencia ao uso da aplicación “Xatemprego”.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Poio, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualizase polo responsable da Axencia de Emprego e do Servizo de Orientación do concello de Poio.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

A Alcaldía do Concello de Poio mediante o Rexistro será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

Informático e documental.

i) Nivel de protección:

Por canto o ficheiro pode conter datos persoais de saúde no caso de minusvalías que sexan precisos para especifica-la situación laboral do suxeito, esta suxeito as obrigas de manexo e conservación do nivel ALTO de acordo co establecido no título VIII do RDLOPD.

FICHEIRO B

NOME DO FICHEIRO: “Rexistro de expedientes de recrutamento (quintas e milicias)”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

O ficheiro é de tipo documental e trátase do antigo rexistro de expedientes de quintas e milicias. Non esta suxeito a tratamento algún e non ten usos previstos

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos:

Foron recabados dos mozos da vila suxeitos a realización do servizo militar obrigatorio e tiñan obriga da subministración destes previo a súa incorporación, no caso de seren válidos, ao servizo.

c) Procedemento de recollida de datos:

Recollíanse mediante unha entrevista e revisión persoal por parte dos médicos asignados.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificables (nome, apelidos, enderezo, nº cartilla, dedicación, data nacemento, nome pai, nome nai, DNI, medidas, peso).

Datos de saúde (informe médico xeral).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Poio , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase pola responsable do arquivo municipal.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

A Alcaldía do Concello de Poio mediante o Rexistro será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

Documental.

i) Nivel de protección:

ii)

Por canto o ficheiro contén datos persoais de saúde e recoñecemento médico esta suxeito as obrigas de manexo e conservación do nivel ALTO de acordo co establecido no título VIII do RDLOPD.

FICHEIRO C

NOME DO FICHEIRO: “B.D. Rexistro_Entradas_Saídas ”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

O ficheiro e de tipo informático e trátase do rexistro de expedientes de entrada e saída de documentos do Concello. Esta suxeito aos tratamentos precisos de análise e consulta necesarios para o cumprimento dos uso previstos como Rexistro Xeral de entrada e saída de documentos do Concello.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos:

Son recabados dos suxeitos que presentan documentación para a realización dalgún servizo ou obriga da que o Concello sexa receptor, e teñan obriga da subministración destes, previo a súa realización.

c) Procedemento de recollida de datos:

Recóllense por presentación documental nalgún dos centros do Concello e son introducidos os datos no ficheiro por parte do persoal asignado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificables Táboa Rexistro_Interesados (DNI CIF, apelido1, apelido2, nome, empresa, enderezo, poboación, provincia).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Poio , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polo responsable do Rexistro Xeral do Concello.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

A Alcaldía do Concello de Poio mediante o Rexistro será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

Informático.

i) Nivel de protección:

Por canto o ficheiro contén datos persoais non especialmente protexidos pero si suxeitos a protección media, esta

suxeito as obrigas de manexo e conservación do nivel MEDIO de acordo co establecido no título VIII do RDLOPD.

FICHEIRO D

NOME DO FICHEIRO: “B.D. Rexistro_Departamental”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

O ficheiro é de tipo informático e trátase do rexistro de expedientes asignados a cada concellería. Esta suxeito aos tratamentos precisos de análise e consulta necesarios para o cumprimento dos seus usos previstos como Rexistro Departamental de documentos do Concello.

Os usuarios autorizados e validados mediante contrasinal poden xestionar, visar e firmar os documentos para o seu proceso.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos:

Son recabados dos suxeitos que presentan documentación para a realización dalgún servizo ou obriga da que o Concello sexa receptor e teñan obriga da subministran destes previo a súa realización.

c) Procedemento de recollida de datos:

Son recabados do Rexistro de Entrada e Saída mediante filtro e recondución a cada concellería.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificables

Táboa Interesados (DNI ,CIF, nome, apelidos).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Poio, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polos axentes de cada concellería ou servizo.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

A Alcaldía do Concello de Poio mediante o Rexistro será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

MIXTO.

i) Nivel de protección:

Por canto o ficheiro contén datos persoais non especialmente protexidos pero si suxeitos a protección media esta suxeito as obrigas de manexo e conservación do nivel MEDIO de acordo co establecido no título VIII do RDLOPD.

FICHEIRO E

NOME DO FICHEIRO: “B.D. Expedientes_Obras ”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

O ficheiro e de tipo informático e trátase do rexistro de expedientes de obra do Concello. Esta suxeito aos tratamentos precisos de análise e consulta precisos para o cumprimento dos seus usos previstos para a realización das obras no Concello.

Os usuarios autorizados e validados mediante contrasinal poden xestionar, visar, firmar, etc os documentos para o seu proceso.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos:

Son recabados dos suxeitos que presentan documentación para a realización dalgún servizo ou obriga da cal o Concello sexa receptor e teñan obriga da subministración destes previo a súa realización.

c) Procedemento de recollida de datos:

Son recabados do Rexistro de Entrada e Saída mediante filtro e recondución ao servizo de Urbanismo.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Táboa datos persoais (empresa administración, nome, apelido1, apelido2, NIF CIF solicitante domicilio solicitante localidade solicitante provincia solicitante código postal solicitante teléfono solicitante móbil solicitante email solicitante apelidos nome promotor NIF CIF promotor domicilio promotor localidade promotor provincia promotor código postas promotor teléfono promotor móbil promotor email promotor)

Táboa Solicitante Taxas (nome apelido1 apelido2 empresa administración dni dirección obra poboación obra provincia obra teléfono dirección notificación poboación notificación provincia notificación telefono2)

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Poio, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos axentes da concellería de urbanismo.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

A Alcaldía do Concello de Poio mediante o Rexistro será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

Mixto.

i) Nivel de protección:

Por canto o ficheiro contén datos persoais non especialmente protexidos pero si suxeitos a protección media esta suxeito as obrigas de manexo e conservación do nivel MEDIO de acordo co establecido no título VIII do RDLOPD.

FICHEIRO F

NOME DO FICHEIRO: "B.D. Control_Visitas (Axenda Alcaldía Concellerías) "

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

O ficheiro e de tipo informático e trátase da Axenda de Visitas do Concello. Esta suxeito aos tratamentos precisos de análise e consulta necesarios para o cumprimento dos usos previstos como Axenda de Visitas do Concello.

Os usuarios autorizados e validados mediante contrasinal poden xestionar, actualizar e pechar as citas e visitas introducidas na Axenda.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos:

Son recabados dos suxeitos que desexan facer visitas a Alcaldía e teñan obriga da subministración destes previo a súa realización.

c) Procedemento de recollida de datos:

Son recabados polos empregados do Concellos co cometido de xestionar e recabar as citas do Alcalde para a súa realización.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificables Táboa Visitas (DNI CIF ,nome e apelidos).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Poio , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos axentes responsables da secretaría persoal da alcaldía e das concellerías.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

A Alcaldía do Concello de Poio mediante o Rexistro será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

Mixto.

i) Nivel de protección:

Por canto o ficheiro contén datos persoais non especialmente protexidos pero si suxeitos a protección media esta suxeito as obrigas de manexo e conservación do nivel MEDIO de acordo co establecido no título VIII do RDLOPD.

FICHEIRO G

NOME DO FICHEIRO: “B.D. Usuarios_web”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

O ficheiro e de tipo informático e trátase da base de usuarios con acceso a páxina web do cidadán do concello para o seu acceso e usos previstos de consulta e obtención de información.

Os usuarios autorizados e validados mediante contrasinal poden consultar e descargar ficheiros públicos e información.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Son recabados dos suxeitos que desexan darse de alta e facer uso rexistrado das funcionalidades da páxina web do Concello e teñan obriga da subministración destes previo a súa realización.

c) Procedemento de recollida de datos:

Son recabados polos empregados do Concellos co cometido de xestionar e recabar os datos dos novos usuarios.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificables Táboa Usuarios (usuario contrasinal)

Datos identificables Táboa Acceso Usuarios (nome apelidos domicilio poboación provincia código postal telefono DNI CIF email alias nick código contrasinal (contrasinal, gardase encritada))

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Poio , como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polos axentes responsables de administración electrónica do Concello de Poio.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

A Alcaldía do Concello de Poio mediante o Rexistro será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso,

rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

Informático.

i) Nivel de protección:

Por canto o ficheiro contén datos persoais non especialmente protexidos pero si suxeitos a protección media esta suxeito as obrigas de manexo e conservación do nivel MEDIO de acordo co establecido no título VIII do RDLOPD.

FICHEIRO H

NOME DO FICHEIRO: “Cámaras de vídeo vixilancia da sede de Protección Civil”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar as filmacións das dúas cámaras de vídeo vixilancia existentes no centro de vehículos da Protección Civil do Concello con motivo da seguridade e control de acceso ao centro.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos:

As persoas que accedan ao recinto das instalacións da Protección Civil e localizándose no exterior dos edificios, na zona da entrada e na zona de almacenamento de vehículos.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de dúas cámaras existentes no exterior do edificio que cobren a porta de acceso de vehículos e a zona de aparcamento dos mesmos, a gravación realízase en soporte informático ou electrónico. As cámaras realizan unha gravación que se almacena nun equipo PC e reescríbese periodicamente o ficheiro de modo que só se manteñen gravacións dos sucesos dos últimos días. Soamente en caso de incidencias que fagan preciso conservar copia permanente de ditas gravacións por causas penais ou administrativas graves.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Trátase dun ficheiro que contén datos almacenados consistentes en imaxes e a data e hora da gravación.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro poderán ser cedidos aos xulgados se é preciso. Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Poio, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualízase polo responsable de Protección Civil do Concello.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

A Alcaldía do Concello de Poio mediante o Rexistro será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

Informático.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.”.

Neste momento entra no Salón de Sesións o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa emitíndose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a ordenanza para a creación dos carácter persoal do Concello de Poio : Ficheiro A: “Base de Datos da Bolsa de Emprego”, Ficheiro B: “Rexistro de expedientes de recrutamento (quintas e milicias), Ficheiro C: “B.D. Rexistro Entradas-Saídas”, Ficheiro D: “B.D. Rexistro Departamental”, Ficheiro E: “B.D: Expedientes Obras”, Ficheiro F: “B.D. Control Visitas (Axenda Alcaldía Concellerías)”, Ficheiro G: “B.D. Usuarios Web” e Ficheiro H: “Cámaras de vídeo vixilancia da sede de Protección Civil” por parte da persoa responsable neste Concello da protección de datos (LOPD) para a

súa inscrición na Axencia Española de Protección de datos de acordo cos requisitos da Lei orgánica 15/1999.

Segundo: Que se proceda á publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia para exposición pública polo prazo de 30 días, para a presentación de alegacións e reclamacións, De non presentarse ningunha entenderanse aprobadas definitivamente, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3771.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN E ROTULACIÓN DE VIAS EN CAMIÑO OS CHANS DO LUGAR DE ARIS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de decembro de 2012 ne que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do expediente, do informe da arquitecta municipal de data 12 de decembro de 2012 e da Proposta da Alcaldía de data 13 de decembro de 2012 que propón que se regularice o Camiño Os Chans, do lugar de Aris, tal e como indica a arquitecta municipal no seu informe no que plantexa a modificación de dito vial da seguinte maneira: Un tramo quedaría denominado como “Camiño Os Chans”, outro “Travesía Os Chans”, outro “Camiño Costado”, outro sería unha prolongación do Camiño Zapata e outro sería Camiño Longra ou Camiño Foxos.

O Sr. Moldes Martínez di que o seu Grupo Político vaise abster na votación ata o Pleno co fin de recabar máis información sobre os nomes.

A Comisión por 4 votos a favor, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno que o “Camiño Os Chans” resulte dividido nos seguintes: “Camiño Os Chans”, “Travesía Os Chans”, “Camiño Costado”, “Camiño Zapata” (pasando a incluírse ese tramo no lugar de Zapata e non de Arís) e “Camiño Longra” e que se comunique este acordo a Oficina de Servizos Municipais e ao Departamento de Estatística para proseguir a súa tramitación e comunicacións oportunas antes da incorporación ao Padrón Municipal de Habitantes. ”

Pola Sra. Nieto García solicítase que o acordo que tramiten os cambios de denominación das rúas e numeración na Xerencia Territorial do Catastro.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa emitíndose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a división do “Camiño Os Chans” nos seguintes tramos: “Camiño Os Chans”, “Travesía Os Chans”, “Camiño Costado”, “Camiño Zapata” (pasando a incluírse ese tramo no lugar de Zapata e non de Arís) e “Camiño Longra” .

Segundo: Que se comunique este acordo a Oficina de Servizos Municipais e ao Departamento de Estatística para proseguir a súa tramitación e comunicacións oportunas antes da incorporación ao Padrón Municipal de Habitantes así como á Xerencia Territorial do Catastro.

3772.- URBANISMO, EXP. 371/12, MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO.- Previa ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do expediente tramitado mediante escrito de data 19 de novembro de 2012 remitido pola Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo en relación ao trámite de audiencia da modificación puntual número 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do devandito Concello para que de conformidade co establecido no artigo 85.2 da lei 9/2002, do 30 de decembro, no prazo de 2 meses se formulen as alegacións que se estimen por convinte.

Consta no expediente informes emitidos pola Arquitecta Municipal de data 20 de decembro de 2012, Asesor Xurídico e Secretaria Xeral da mesma data.

Informe emitido pola Arquitecta Municipal: “Asunto: modificación puntual Nº3 do PXOM do Concello de Sanxenxo

Obra:

Situación: Sanxenxo

Interesado/a: Concello de Sanxenxo
Expediente : 371/12

Logo de ver o oficio remitido pola presidenta da Xerencia de Urbanismo do Concello de Sanxenxo o 23/11/2012 (entrada no Rexistro núm. 5766) ao respecto da modificación puntual nº3 do PXOM dese Concello, a técnico municipal emite o seguinte **informe**:

ANTECEDENTES

Remítese no trámite de audiencia ás administracións afectadas, segundo o artigo 85.º) da Lei 9/2002, de 03 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a seguinte documentación:

Documento aprobado inicialmente o 29/10/2012 da modificación puntual nº3 do PXOM do Concello de Sanxenxo, redactado polo arquitecto municipal e dous licenciados en dereito e asinado en agosto de 2012.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Segundo se indica no documento, o obxectivo da modificación puntual é:

- Cualificar unha finca de titularidade municipal como Equipamento E-36-E, servizos municipais sen proceder a alterar a clasificación urbanística.

Compróbase que o ámbito das actuacións non afectan ao límite co concello de Poio.

INFORME Polo exposto, informo que, si ben o Concello de Sanxenxo é limítrofe co Concello de Poio, as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas polas disposicións da modificación puntual nº3 do PXOM do Concello de Sanxenxo aprobada inicialmente o 29/10/2012. Poio, 20 de decembro de 2012A arquitecto municipal Patricia Araujo

Informe emitido polo Asesor Xurídico: Visto o expediente tramitado sobre a Modificación Puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo e o disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, e o previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, teño a ben informar o que segue:

PRIMEIRO.- Con data 23 de novembro de 2012, ten entrada no Concello de Poio, rexistro nº 5766, o oficio remitido pola presidenta da Xerencia de Urbanismo do Concello de Sanxenxo ao respecto da modificación puntual nº 3 do PXOM dese Concello.

SEGUNDO.- Con data 20 de decembro de 2012, a arquitecto municipal informa que si ben o Concello de Sanxenxo é limítrofe co Concello de Poio, as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se van ver afectadas polas disposicións da modificación puntual nº 3 do PXOM do Concello de Sanxenxo aprobada inicialmente o 29 de outubro de 2012.

TERCEIRO.- O Art. 85.2 da Lei 9/2002, en relación co 93.4 modificada pola Lei 15/2004, establece a obrigatoriedade de dar audiencia ós municipios limítrofes, de toda modificación do Plan Xeral que se tramite polo Concello lindante, para alegar o procedente durante o prazo de un mes e como máximo de dous meses.

Por todo isto, considera o informante que se debe dar conta da Modificación Puntual do Plan aprobado inicialmente polo Concello de Sanxenxo, ao Pleno do concello de Poio, para o seu coñecemento, previo dictame da comisión informativa de urbanismo, facéndose constar por esta asesoría que ao non verse afectado o Plan Xeral de Poio pola Modificación Puntual aprobada inicialmente, non se estima necesario formular ningunha alegación contra dita modificación puntual, remitíndose o acordo que se adopte ao Concello de Sanxenxo para a súa unión ao expediente.”

Informe emitido pola Secretaria Xeral: “ Antecedentes de feito.

1 . Con data 23 de novembro de 2012 ten entrada, número rexistro 5766, escrito do Concello de Sanxenxo polo que aprobado inicialmente expediente de modificación do PXOM deste Concello, de conformidade có establecido no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGa en adiante), dáse traslado do acordo municipal e documentos aprobados.

2 . O 20 de decembro de 2012 emítese informe pola arquitecto municipal no que se indican as determinacións do instrumento de planeamento xeral obxecto de alteración:

“...Segundo se indica no documento, o obxecto da documentación puntual é:

Cualificar unha finca de titularidade municipal como Equipamento E-36-E, servizos municipais sen proceder a alterar a clasificación urbanística.

Compróbase que o ámbito das actuacións non afectan ao límite co concello de Poio”.

- **Consideracións xurídicas.**

Primeira.- Procedemento.

Conforme ao art. 85.2º LOUGA: “O concello que o formulou procederá a súa aprobación inicial e, a continuación, o plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sostenibilidade ambiental, someterase simultaneamente ás consultas previstas no documentos de referencia e ó trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos periódicos de maior difusión na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Non será necesario a notificación do trámite de información pública ás persoas propietarias dos terreos afectados”.

Tal e como se describe nos antecedentes de feito a partir do informe técnico municipal, o contido do expediente de aprobación inicial de modificación do PXOM do limítrofe Concello de Sanxenxo, non contempla determinación ningunha que afecte en sentido estrico a esta entidade local.

Segunda.- Órgano competente e prazo de emisión do informe.

Pese a non existir referencia expresa na normativa urbanística e pese a cláusula residual de competencias que en favor do Alcalde que establece o art. 21.1º.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a finalidade propia do trámite a realizar implica a xuízo desta funcionaria, o pronunciamento mediante a emisión de informe polo Pleno do Concello (art. 22.2º.c) LBRL).”

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptado na súa sesión realizada o 26 de decembro de 2012 e non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Non formular alegación ningunha á Modificación Puntual nº 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo.

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

Terceiro: Comunicar este acordo áo concello de Sanxenxo para os efectos previstos no art. 85.2º LOUGA.

3773.- URBANISMO, EXP. 373/12, TRÁMITE DE AUDIENCIA E CONSULTAS EN RELACIÓN AO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA.- Previa ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do ditame emitido pola Comisión informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 26 de decembro de 2012 e que di o que segue: “Dase conta do informe emitido pola arquitecta municipal:

“Asunto: Plan especial de ordenación do Porto de Marín e ría de Pontevedra
Situación: Marín e ría de Pontevedra
Interesado/a: Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI/ Porto de Marín
Expediente : 373/12

Logo de ver o oficio remitido pola presidenta da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI o 26/11/2012 (entrada no Rexistro núm. 5805) ao respecto do Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín e ría de Pontevedra, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

Remítese no trámite de audiencia ás administracións afectadas, segundo o artigo 85º.2) da Lei 9/2002, de 03 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a seguinte documentación:

Plan especial de ordenación da zona de servizo do porto de Marín e ría de Pontevedra e informe de sostibilidade ambiental (de xullo de 2012).

INFORME

Logo de comprobar o eido de ordenación do Plan Especial do porto de Marín e ría de Pontevedra, si ben o concello de Poio é concello limítrofe coa ría de Pontevedra, dito plan especial non afecta ás disposicións e desenvolvemento do PXOM de Poio. Poio, 20 de decembro de 2012 A arquitecto municipal Patricia Araujo Pazos”.

E do asesor xurídico: **ASUNTO: URBANISMO, PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA.**

Visto o expediente tramitado sobre o Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra e o disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, e o previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, e o previsto na Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, teño a ben informar o que segue:

PRIMEIRO.- Con data 26 de novembro de 2012, ten entrada no Concello de Poio, rexistro nº 5805, o oficio remitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da COMATI, remitindo un exemplar completo do Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra, aprobado inicialmente mediante resolución da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 9 de agosto de 2012, concedendo ó Concello de Poio trámite de audiencia e consultas de conformidade co disposto no artigo 85 e 86, da Lei 9/2002, de 30 de decembro e o artigo 10 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente.

SEGUNDO.- A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente, no seu artigo 10, establece o seguinte:

“Artículo 10. Consultas.

1. La fase de consultas sobre la versión preliminar del plan o programa, que incluye el informe de sostenibilidad ambiental, implica las siguientes actuaciones:

1 . Puesta a disposición del público.

2 . Consulta a las Administraciones públicas afectadas y al público interesado, que dispondrán de un plazo mínimo de 45 días para examinarlo y formular observaciones.

2. A los efectos de esta Ley, se entenderá por público interesado:

1 . *Toda persona física o jurídica en la que concurra cualquiera de las circunstancias previstas en el [artículo 31 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.](#)*

2 . Cualquier persona jurídica sin ánimo de lucro que cumpla los siguientes requisitos:

1 . Que tenga como fines acreditados en sus estatutos, entre otros, la protección del medio ambiente en general o la de alguno de sus elementos en particular, y que tales fines puedan resultar afectados por el plan o programa de que se trate.

2 . Que lleve al menos dos años legalmente constituida y venga ejerciendo de modo activo las actividades necesarias para alcanzar los fines previstos en sus estatutos.

3. Las Entidades Locales consultadas podrán incorporar un pronunciamiento expreso acerca de la sostenibilidad del plan o programa”.

Por todo isto, sen perxuízo do informe que emita a arquitecto municipal, informo que debe darse conta do Plan Especial ao pleno do Concello de Poio, para o seu coñecemento, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, facéndose constar por esta asesoría que, ao non verse afectado o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio polo Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra, aprobado inicialmente pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, non se estima necesario formular ningunha alegación, contra o mesmo, remitíndose o acordo que se adopte á Xunta de Galicia para a súa unión ao expediente. Poio 20 de decembro de 2012. O Asesor Xurídico (A.T.)Asdo.: D. Ángel T. Sutil García.

A comisión por unanimidade de asistentes adoptou o seguinte ditame: **Primeiro:** Non formular alegación ningunha contra o Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo

de 2003, apartado 9º.1 c).”.

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptado na súa sesión realizada o 26 de decembro de 2012 e non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Non formular alegación ningunha contra o Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra.

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).”.

3774.- DAR CONTA INFORME SECRETARÍA EN RELACIÓN AO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN ESPECIAL.- Previa ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do informe emitido pola Secretaria Xeral e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Seguimento do Plan Especial e do Catálogo de Edifícios e Conxuntos do Concello de Poio.

A Corporación dáse por enterada do contido do informe emitido pola Secretaria Xeral.

3775.- DAR CONTA INFORME SECRETARÍA PRÓRROGA CONTRATACIÓN LABORAL REDE CEMIT.- Previa ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do informe desfavorable emitido pola Secretaria Xeral con data 20 de decembro de 2012 e non suscitándose debate ningún o pleno da corporación dáse por enterada do contido do devandito informe.

3776.- MOCIÓN CONXUNTA BNG E PSOE SOBRE O RECORTE ECONÓMICO NAS PENSÍONS DECRETADO POLO GOBERNO DO PP.- Previa ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do texto da moción de data 20 de decembro de 2012 asinada polas voceiras dos Grupos Municipais do PSOE e do NG en relación ao recorte económico nas pensións decretado polo goberno do Partido Popular e que di textualmente: “De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Municipal do P.S.O.E. do Concello de Poio, desexa someter a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno de España aprobou a non actualización das pensións co IPC de 2012 cando as persoas pensionistas xa tiñan adquirido por lei este dereito dende primeiros de ano, para manter o seu poder adquisitivo. Ademais suspende o dereito á revalorización das pensións no 2013.

Na notificación feita en xaneiro de 2012 ao conxunto das persoas pensionistas de España, o goberno comprometiase e garantía a compensación pola desviación que puidera producirse con respecto á evolución real da inflación.

Declaracións públicas de varios responsables políticos do Partido Popular e do Goberno de Mariano Rajoy garantían este dereito reflectido na lexislación sobre a Seguridade Social.

Así mesmo, os orzamentos do Estado para 2012 incluía a previsión de revalorización anual das pensións.

Unha vez coñecido o IPC de novembro o Goberno tiña que poñer en marcha unha “paga compensatoria” pola diferenza acumulada no ano 2012 entre o incremento do 1% das pensións en xaneiro e a desviación de 1,9 puntos polo dato do IPC de novembro de 2,9%.

Ademais a partir de xaneiro de 2013 debía incrementar as pensións actuais nun 1,9% para evitar a perda de poder adquisitivo e sumarlle a previsión de inflación do ano 2013 que o goberno sitúa no 1%.

O Goberno, unha vez pasados os procesos electorais en Galicia e Cataluña, decide que, primeiro, os pensionistas non van percibir a paga de desviación da inflación de 2012 e segundo, que esa actualización do IPC tampouco se consolide no ano 2013.

Unha perda por tanto de poder adquisitivo que en Galicia sacude ás familias de xeito notorio, debido a que temos as pensións máis baixas do estado pola prevalenza de pensionistas do Réxime Especial Agrario e do Réxime Especial do Mar.

Moito máis nas provincias do interior que teñen un comportamento do IPC superior ao promedio galego, como é o caso de Lugo cun IPC do 3,1% .

Reputados economistas cifran a perda por pensionista/ano para o caso galego en 950 euros de media sumando outros conceptos incluídos no “poder adquisitivo”.

Si só temos en conta as cifras da NON revalorización e da NON paga da desviación do IPC podemos calcular que para os pensionistas galegos a perda é neste primeiro momento de máis de 260 millóns de euros, a espera da discrecionalidade que vai presidir o incremento das pensións no ano 2013, no caso de producirse.

Ademais, é preciso ter en conta o copago farmacéutico, impostos (IRPF, IBI), taxas e canóns como o da auga, que xuntos conforman unha importante perda de poder adquisitivo próxima aos 405 millóns de euros.

Ademais, é preciso ter en conta o copago farmacéutico, impostos (IRPF, IBI) e taxas e canóns como o da auga, que xuntos conforman unha importante perda de poder adquisitivo próxima aos 405 millóns de euros.

Diante disto o Goberno da Xunta permanece indecentemente mudo, cando na recente campaña electoral toda a teima de Núñez Feijoo foi negar que o Goberno de Rajoy fose a conxelar as pensións, algo que resultou certo, porque finalmente optou por rebaixalas de certo e aventurar esta rebaixa a futuros anos.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno estatal á revogación do acordo do Consello de Ministros de 30 de novembro de 2012 de non actualizar co IPC as pensións de 2012 e suspender o dereito á revalorización das pensións en 2013.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia á defensa dos e das pensionistas do noso país, a través das medidas necesarias, políticas ou xurídicas, diante do Goberno estatal, antepoñendo os intereses da cidadanía galega fronte a intereses partidarios.

TERCEIRO. Dar traslado destes acordos ao Parlamento Autonómico de Galicia, así como ao Congreso e ao Senado do estado español.”.

Polas voceiras dos Grupos municipais asinantes da moción presentada realízase unha intervención na que explican o contido e motivación da moción presentada.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou aprobar a moción presentada nos seus propios termos.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e quince minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria acctal, dou fe.